

PROGRAMAS DE TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO

A Axencia Galega de Coñecemento en Saúde ten a responsabilidade de garantir as condicións adecuadas para que o coñecemento xerado no ecosistema galego de saúde chegue de xeito máis eficiente ao mercado e á práctica asistencial. A súa prioridade é conseguir que os resultados do traballo dos máis de mil investigadores que integran o Sistema Público de Saúde de Galicia se transformen en **valor real para os pacientes**.

Vantaxes competitivas. Os esforzos para mellorar os mecanismos de apoio á transferencia de coñecemento son continuados, aínda que o modelo galego é xa un referente neste eido polas súas vantaxes diferenciais:

- **Institutos de investigación sanitaria** orientados a problemas clínicos reais.
- **Fundacións de investigación biomédica** con persoal e equipos orientados á valorización dos resultados científicos.
- **Investigadores** moi proactivos na translación dos seus resultados.
- **Contorna privilexiada para a investigación traslacional:**
 - Acceso a [biobancos](#).
 - Soporte da [Rede de Comités de Ética da Investigación](#).
 - Sólido rexistro electrónico de pacientes.
 - Sólida experiencia na [avaliación de tecnoloxías sanitarias](#).
 - Sinxelo acceso dos investigadores a pacientes e clínicos.
 - Infraestruturas científico-tecnolóxicas de última xeración.

Carteira de servizos. As liñas de apoio á transferencia de ACIS inclúen:

1. **Accións de comunicación e divulgación.** ACIS traballa no establecemento dunha verdadeira cultura innovadora en todo o Sistema Público de Saúde de Galicia. A través dun modelo de xestión aberto e participativo de iniciativas innovadoras, favorece a participación de todos os profesionais sanitarios e a súa divulgación á sociedade galega. Neste sentido, a Axencia de Coñecemento en Saúde aposta por novos programas, eventos e actividades destinados a impulsar a innovación sanitaria en todo o sistema.
2. **Explotación de resultados no mercado.** Cando os resultados de investigación atopen un posible licenciario, ACIS colaborará cos axentes do ecosistema de saúde con competencias en transferencia de tecnoloxía durante as etapas de negociación de contratos ou licencias con terceiros. Con isto procúrase un retorno xusto da explotación dos resultados de investigación, a xestión eficaz e a aplicación das normativas comunitarias e nacionais nestes eidos.
3. **Promoción do emprendemento innovador.** No caso de que os resultados de investigación poidan dar orixe a unha empresa de base tecnolóxica, ACIS colaborará na súa creación. O apoio aos investigadores facilitará acordos de licencias para a posta en marcha da empresa, así como asesoramento para a aplicación de normativas estatais e autonómicas neste eido.
4. **Implantación na carteira de servizos asistenciais do Sergas.** Cando unha tecnoloxía xerada no sistema poida ser incorporada ao catálogo de servizos do Sistema Público de Saúde de Galicia, ACIS traballará de xeito coordinado con todos os departamentos e axentes implicados para a súa áxil implantación. Preténdese así que os nosos investigadores e profesionais xeren innovacións que repercutan na calidade asistencial prestada polos profesionais e na saúde dos nosos pacientes.

NORMATIVA TRANSFERENCIA

DECRETO
141/2018, do 25
de outubro, polo
que se regula a
protección,
valorización e
transferencia dos
resultados de
investigación,
desenvolvemento
e innovación no
ámbito do Sistema
público de saúde
de Galicia.

INTENSIFICACIÓN DA ACTIVIDADE DE I+D+I SANITARIA

Instrución
2/2013:
Intensificación da
actividade
investigadora e
innovadora no
ámbito do Sistema
Público de Saúde

Solicitud de
intensificación
para a realización
dun proxecto de
investigación ou
innovación

Se precisa máis información sobre os programas de transferencia de coñecemento e resultados da I+D+i en saúde pode contactar coa Área de Innovación, a través do correo electrónico: **innovacion.acis@sergas.es** ou por teléfono no **981 580 633**.

Programa de desenvolvemento precomercial dos resultados da investigación sanitaria transfronteiriza (PRIS-T)	>
Iniciativa para a constitución ou participación nunha spin-off	>